

CARBALLO

AMAL 18 EN RUTA

18.01 — 27.01
PAZO DA CULTURA E
BIBLIOTECA REGO DA Balsa

AMAL EN RUTA CARBALLO é un resumo da última edición da Semana de Cine Euroárabe Amal. Consta de tres ficcións e tres documentais, que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe de actualidade.

Desde a Fundación Araganey estamos convencidos de que a CULTURA é unha das máis fermosas maneiras de loitar. A cultura é un diálogo entre persoas capaz de abrir a nosa mente, e canto máis nos enchouparamos de diferentes culturas máis medos derrubaremos. A ignorancia non significa non saber, senón non querer saber, e non querer saber, comprender ou escoitar é o comezo dos grandes conflitos.

En Amal levamos 15 anos loitando por facer do cine unha ponte entre culturas. E ti, por qué loitas?

GHALEB JABER MARTÍNEZ



XOVES 18 XANEIRO
20.30H.
BIBLIOTECA REGO DA Balsa

GAZA SURF CLUB DOC
PHILIP GNADT E MICKEY YAMINE
2016 | 87' | Palestina, Alemaña

Atrapados na prisión ao aire libre máis grande do mundo e gobernados pola guerra, unha nova xeración lánzase ás praias. Fartos da ocupación e o bloqueo, atopan a súa válvula de escape nas ondas do Mediterráneo: son os surfeiros de Gaza.



Mickey Yamine, produtor, director e escritor exipcio, trasladouse a Alemaña cando tiña dezaioito anos. A súa ópera prima "Tropic of fear" obtivo unha mención honorífica no Festival de Locarno. Philip Gnadat é un director alemán, funda Substanz Filme en 2003, traballa como director independente de películas corporativas e documentais.

VENRES 19 XANEIRO
20.30H.
PAZO DA CULTURA

CAIRO JAZZMAN DOC
ATEF BEN BOUZID
2017 | 82' | Alemaña

O apaixonado Amr Salah é un compositor e músico de jazz exipcio que tenta organizar o Cairo Jazz Festival; unha empresa arriscada, non só pola súa limitada experiencia, senón tamén polo clima social cada vez máis intolerante. Este documental político-musical, debuxa un retrato atmosférico da capital exipcia.



Director e produtor alemán, comezou a súa carreira como xornalista de Euronews, AFP e ARD. Vive e traballa en Berlín. Cairo Jazzman é o seu debut como director.

SÁBADO 20 XANEIRO
20.30H.
PAZO DA CULTURA

CARTAS DESDE BAGHDAD DOC
SABINE KRAYENBÜHL E ZEVA OELBAUM
2016 | 95' | EE.UU., Inglaterra, Francia

Letters from Baghdad conta a extraordinaria e dramática historia de Gertrude Bell, a muller máis poderosa do Imperio Británico no seu día. Por que foi borrada da historia?



Sabine, editora con máis de 20 documentais e ficcións ás súas costas. Premiada co Oscar e o Independent Spirit Award por "My Architect". Zeva é unha premiada produtora e fotógrafa, recentemente produciu "Ahead of Time", documental sobre a xornalista Ruth Gruber.

XOVES 25 XANEIRO
20.30H.
BIBLIOTECA REGO DA Balsa

WAJIB FIC
ANNE MARIA JACIR
2017 | 96' | Palestina, Francia, Alemaña, Qatar, EAU

Despois de anos no estranxeiro, Shadi regresa ao seu nativo Nazaret. Está de volta para honrar ao seu "wajib" (ou deber) para distribuír co seu pai, Abu Shadi, as invitacións da voda da súa irmá.



Cineasta e poeta palestina. Foi escollida unha das 25 persoas máis importantes no cinema independente pola revista Filmmaker magazine. O seu filme La sal de este mar participou no Festival Amal 09.